

**CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS,
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Á DOCENCIA, XORNADAS CIENTÍFICAS OU CONGRESOS NA
FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA NO ANO 2025**

BASES DA CONVOCATORIA

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela quere dinamizar as actividades de carácter cultural e científico no centro, organizadas por membros do estudantado, profesorado ou persoal técnico de xestión, administración e servizos da nosa facultade (PTXAS), e nos que exista a posibilidade de participación activa e directa dos diferentes colectivos.

1. Obxecto

- 1.1. O obxectivo principal da convocatoria é contribuír a unha maior actividade cultural, de formación extraacadémica e de divulgación científica dentro da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC (en adiante FACULTADE), mediante diferentes proxectos que se desenvolvan no centro no ano 2025.
- 1.2. Para efectos desta convocatoria enténdese por proxecto aquela actividade de dinamización cultural, formación extraacadémica ou divulgación científica, que se realice no ámbito da FACULTADE, e organizada por membros da comunidade profesional, docente ou discente no centro (actividades culturais, actividades complementarias á docencia, xornadas científicas, congresos, etc).
- 1.3. Exclúense desta convocatoria as seguintes actividades:
 - a) Aquelas que se realizan no ámbito exclusivo dunha materia de grao ou mestrado e non aberto ao conxunto do profesorado, estudantado ou PTXAS.
 - b) As presentadas directa ou indirectamente en nome de colectivos non universitarios, sindicatos e/ou partidos políticos.
 - c) As que vaian destinadas a presentar informes de resultados ou publicacións de proxectos de investigación

2. Dotación orzamentaria e contía máxima por proxecto

- 2.1. A dotación orzamentaria destinada a este fin é de 1500 euros, que podería ser ampliada en función das propostas presentadas e o interese das mesmas.
- 2.2. A contía máxima por proxecto non superará os 400 euros.
- 2.3. As axudas irán destinadas a cubrir gastos derivados da organización da actividade, como gastos en material funxible, gastos en fotocopias, pagamento de dietas de viaxe ou desprazamento de persoas alleas á USC e que participan no mesmo, outros gastos correntes debidamente xustificadas.

- 2.4. Unha vez concedida as axudas, daranse instrucións en relación co procedemento de tramitación da proposta de gasto para a súa xustificación de acordo coa normativa existente. O gasto deberá facerse en calquera caso antes do peche do orzamento do ano 2025.

3. Requirimentos de participación

- 3.1. Cada proposta deberá ser presentada, cando menos, por un membro do profesorado, estudantado ou PTXAS da facultade. En caso de participar no proxecto persoas doutros centros ou de fóra da comunidade universitaria, deberá aparecer como persoa de referencia unha persoa que forme parte da comunidade universitaria da facultade.
- 3.2. Cada proposta ou proxecto presentado debe estar avalado, ademais, por un mínimo de 10 estudantes, ou 3 membros do profesorado ou PTXAS, mediante sinaturas das persoas que avalan.
- 3.3. As propostas seleccionadas deberán executarse antes do 14 de novembro de 2025.
- 3.4. As propostas teñen que estar abertas á participación de toda a comunidade universitaria
- 3.5. Os proxectos deben empregar, cando menos, a lingua galega na súa difusión e execución.
- 3.6. Valorarase positivamente a inclusión da perspectiva de xénero no deseño e execución das propostas.

4. Procedemento de solicitude

4.1. Lugar:

As propostas faranse chegar ao correo electrónico ecoade.decanato@usc.es, achegando un Anexo coa información da proposta e as evidencias oportunas (programa, contidos, desenvolvemento, etc), indicando no asunto: Convocatoria de Axudas de Actividades ECOADE.

4.2. Prazo:

As solicitudes poderán presentarse desde o momento da publicación da convocatoria até o 15 de outubro de 2025.

4.3. Contido:

Deberán completarse os diferentes apartados do proxecto, que incluírá:

- Título actividade a desenvolver
- Obxectivos
- Contidos previstos
- Descrición, datas previstas e duración da actividade
- Público obxectivo
- Contía estimada que se precisa para desenvolver a actividade
- Indicación de se hai outras fontes de financiamento previstos e contía
- Outros datos relevantes da actividade

5. Comisión avaliadora

- 5.1. A comisión avaliadora será a Comisión con competencias en Actividades Culturais da Facultade. A Comisión reunirase e resolverá, a ser posible, con carácter mensual, sempre que existan propostas presentadas nese período.
- 5.2. A comisión avaliadora resérvase a posibilidade de interpretar as bases e non conceder a axuda solicitada cando considere que as propostas presentadas non reúnen os requisitos mínimos esixidos ou non reúnen a calidade necesaria.

6. Criterios de selección e de exclusión

6.1 Criterios de selección:

Os criterios de selección son os seguintes:

- Impacto potencial da actividade na comunidade universitaria da facultade
- Implicación do estudantado e/ou profesorado na organización das actividades
- Calidade do contido, metodoloxía e/ou materiais do proxecto
- Descrición das medidas que se van tomar para garantir a equidade de xénero e a aplicación da perspectiva de xénero en cada proxecto (en termos de planificación de actividades mixtas)

6.2 Motivos de exclusión:

Serán motivos de exclusión os seguintes:

- A inadecuación do proxecto ao obxecto da convocatoria
- A inadecuación do orzamento ao proxecto que se quere levar a cabo
- Non observancia dos principios relativos á equidade de xénero.

7. Prazo de resolución e publicación

- 7.1. O prazo máximo de resolución será de dous (2) meses dende o día seguinte á presentación da proposta.
- 7.2. Publicarase unha resolución provisional coa listaxe daquelas propostas seleccionadas que obtivesen maior puntuación e na que se indicará un prazo para subsanar deficiencias ou achegar información requirida pola comisión de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte á súa publicación no taboleiro de anuncios do decanato da facultade, así como na páxina web. Unha vez rematado o dito prazo e revisada a documentación achegada, publicarase a listaxe definitiva coas propostas adxudicadas e os/as beneficiarios/as das correspondentes axudas. A resolución definitiva das propostas seleccionadas publicarase no taboleiro de anuncios do decanato da facultade así como na páxina web
- 7.3. A decisión final de concesión de axudas por parte da comisión avaliadora é inapelable, non existindo recurso posible.

8. Aceptación e seguimento das axudas

- 8.1. A aceptación da axuda implicará o compromiso das persoas beneficiarias para executar a axuda recibida nas actividades para as que se solicitou. Se no prazo de dez (10) días desde a publicación da resolución da convocatoria non se presenta renuncia, entenderase que se acepta a axuda.
- 8.2. Calquera modificación substancial do programa orixinalmente aprobado deberá ser comunicada a este Decanato solicitando a necesaria autorización para proceder con ela.
- 8.3. Na difusión dos proxectos e actividades farase constar que necesariamente foron financiadas ou cofinanciadas pola Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC.
- 8.4. Este Decanato reservase o dereito de comprobar os datos contidos na solicitude de axuda, verificar a realización das actividades financiadas e difundir e dar a coñecer estas publicamente.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: XOAN RAMÓN DOLDÁN GARCÍA, NIF ***3205**, 10/02/2025 17:45:57.

CSV: 9FA6-C0AD-42FD-9CB4